



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN AIDA, AXUDA, INTERCAMBIO E DESENVOLVEMENTO PARA O PROXECTO “JINA AL DAR-PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO EN CAMPAMENTOS DE REFUXIADOS SIRIOS E PALESTINOS EN LÍBANO”**

(1) Consonte a Resolución publicada no Boletín Oficial del Estado de 4 de agosto de 2018 faise público o Acordo do Consello de Ministros polo que se formalizan os criterios de distribución e a distribución resultante do crédito para o desenvolvemento do *Pacto de Estado contra a violencia de género* polas CC.AA, tendo en conta as súas competencias na materia.

No caso de Galicia o Estado puxo a disposición estes créditos no orzamento da Secretaría Xeral de Igualdade quen, dado que varias das medidas recollidas no Pacto de Estado refírense a competencias específicas sectoriais de distintos organismos, puxo a disposición destes organismos os fondos necesarios para a execución das medidas correspondentes. Entre ditos organismos se atopa a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, que colaborará no cumprimento das medidas 36 e 37 do Pacto de Estado.

A vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos prioritarios sectoriais a acción humanitaria e de emerxencia e o apoio ás persoas refuxiadas.

**(2) Antecedentes:**

AIDA é unha organización non governamental para o desenvolvemento (ONGD) que traballa desde a súa fundación, para mellorar a calidade de vida das poboacións mais desfavorecidas dos países en vías de desenvolvemento e converter os Dereitos Humanos nunha realidade universal, executando proxectos de cooperación e acción humanitaria e involucrando a expertos e profesionais ao servizo do desenvolvemento. AIDA se atopa inscrita no Rexistro de Axentes Galegos de Cooperación para o Desenvolvemento, desde o



ano 2008 co nº A-174. AIDA comezou a presentar proxectos para o financiamento da Xunta de Galicia dende o ano seguinte á inscrición no Rexistro de Axentes de Cooperación. Dende o 2009 ao 2018 ten xestionado un total de 740.052,00€, fundamentalmente destinados a proxectos no exterior en Guinea Bissau e de acción humanitaria no Líbano.

(3) **Finalidade** co fin de establecer o marco de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a AIDA para a prevención da violencia de xénero nos campamentos de persoas refuxiadas sirias e palestina no Líbano, en cumprimento da 37 do *Pacto de Estado*, tense previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019.

(4) O convenio ten por **obxecto** previr a violencia machista contra as mulleres e menores de idade, a través da concienciación e sensibilización, mellorando a derivación de casos, nos campamentos de refuxiados sirios e palestinos en Líbano.

(5) Tendo en conta as especificidades deste convenio enmarcado *no Pacto de Estado contra a violencia de género* e as que se requiren nas actuacións de atención ás persoas refuxiadas, que son de claro interese público humanitario e inciden directamente no ámbito da poboación en xeral, a natureza específica da entidade destinataria así como a súa urxente posta en marcha, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera que o proxecto reúne os requisitos esixidos para a concesión directa da subvencións segundo o artigo 26 da Lei 9/2007, do trece de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrência pública dada a especificidade das actividades que son de interese público humanitario e a natureza da entidade destinataria da subvención.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de corenta mil euros (40.000,00 €), con cargo a aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.0.





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Exteriores  
e coa Unión Europea



(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Firmado electronicamente en Santiago de Compostela



**Xacobeo 2021**

